



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo de Fin de Grao

A VIOLENCIA FILIO – PARENTAL

Autora: Silvia Ansede Fariña

Titora: M^a Begoña Gómez Vázquez

Setembro 2015

GRAO EN PEDAGOXÍA
CURSO ACADÉMICO 2014-2015

A VIOLENCIA FILIO - PARENTAL

LA VIOLENCIA FILIO - PARENTAL

CHILD TO PARENT VIOLENCE

ÍNDICE

Resumo.....	1
Introdución	2
1. Definición de violencia filio – parental.....	3
2. Modelos explicativos da violencia filio – parental.....	4
3. Factores que inflúen na violencia filio – parental	6
4. Características das familias que sofren violencia filio – parental	9
4.1. Características das vítimas	9
4.2. Características dos/as agresores.....	10
5. Evolución do fenómeno da violencia filio – parental	11
6. Intervención con familias e menores con condutas de maltrato.....	15
6.1. Marco legal	16
6.2. Programas e centros de intervención.....	20
6.2.1. Programa de Intervención con Familias e Menores con Condutas de Maltrato da “Colonia San Vicente Ferrer”	20
6.2.2. Euskarri – Centro de Intervención en Violencia Filio - parental.....	21
6.2.3. Programa de Intervención por Maltrato Familiar Ascendente	22
6.2.4. Programa recURRA – GINSO	22
Conclusións.....	23
Referencias bibliográficas	27

Resumo

A violencia filio – parental converteuse nun fenómeno en incremento na nosa sociedade, que se constata, principalmente, polo aumento de denuncias xudiciais interpostas polos pais agredidos. Realizamos un traballo de investigación documental, a través dunha metodoloxía baseada na busca e revisión bibliográfica sobre a temática, co fin de conceptualizar e describir este fenómeno. Expoñemos os principais modelos explicativos propostos por diferentes autores, os factores implicados que favorecen a súa aparición e mantemento, as características das familias e dos menores agresores, así como a análise da súa evolución en España nos últimos anos e, finalmente, un breve resumo sobre a situación xurídico – legal do menor no noso país, e unha revisión dalgunhas referencias de modelos de intervención.

Palabras chave: violencia filio- parental, violencia familiar, menores infractores, familia, intervención.

Resumen

La violencia filio – parental se ha convertido en un fenómeno en incremento en nuestra sociedad, que se constata, principalmente, por el aumento de denuncias judiciales interpuestas por los padres agredidos. Realizamos un trabajo de investigación documental, a través de unha metodoloxía basada en la búsqueda y revisión bibliográfica sobre la temática, con el fin de conceptualizar y describir este fenómeno. Exponemos los principales modelos explicativos propuestos por diferentes autores, los factores implicados que favorecen su aparición y mantenimiento, las características de las familias y de los menores agresores, así como el análisis de su evolución en España en los últimos años y, finalmente, un breve resumen sobre la situación jurídico – legal del menor en nuestro país, y una revisión de algunas referencias de modelos de intervención.

Palabras clave: violencia filio – parental, violencia familiar, menores infractores, familia, intervención.

Abstract

Child to parent violence has become a phenomenon on the rise in our society , which is found mainly by increasing lawsuits filed by parents assaulted. We conducted a desk research , through methodology based on the search and literature review on the topic , in order to conceptualize and describe this phenomenon. We present the main explanatory models proposed by different authors , the factors involved that favor its appearance and maintenance , characteristics of families and minors offenders and analysis of its evolution in

Spain in recent years and , finally , a brief summary of the legal situation - legal child in our country , and a review of some references intervention models.

Key words: child to parent violence, family violence, juvenile offenders, family, intervention

Introdución

O presente Traballo Fin de Grao aborda o tema da violencia filio – parental, denominada tamén violencia familiar ascendente, que se enmarca no contexto da violencia familiar ou violencia doméstica. Este tipo de violencia xerada na familia, se refire concretamente á exercida polos fillos/as cara os seus proxenitores. “É unha violencia que se produce xeralmente en escalada: comeza habitualmente con insultos e descalificacións, pasa a ameazas e ruptura de obxectos, e finaliza con agresións físicas de índole cada vez máis severa” (Pereira e Bertino, p. 72).

A violencia filio – parental converteuse nun fenómeno emerxente e preocupante na nosa sociedade actual, debido a que nos últimos anos se aprecia un aumento das denuncias interpostas polos proxenitores agredidos. De feito, ante a constancia da existencia deste fenómeno, actualmente a violencia filio – parental se considera un terceiro tipo de violencia familiar ou doméstica, xunto coa paterno – filial e a violencia conxugal. Aínda así, non podemos dicir que se trata dun fenómeno inexistente anteriormente, xa que a violencia dos fillos contra os pais sempre existiu, pero a maioría dos casos non se coñecían ou non sobresaían ante a opinión pública como ocorre nestes momentos. Non obstante, non se trata exclusivamente dun conflito pertencente ás familias, senón tamén dunha problemática social que está adquirindo unha maior repercusión social e mediática e, polo tanto, maior concienciación.

O obxectivo deste traballo é describir o fenómeno da violencia filio – parental, aportando a información teórica que facilita a súa comprensión, así como analizar a súa evolución no noso país e, por último, recompilar a lexislación e diversos modelos de intervención para familias e menores con condutas de maltrato. Para tal fin, realizouse un traballo de iniciación á investigación documental, a través dunha metodoloxía baseada no emprego de estratexias de procura documental e bases de datos científicas, e na consulta de diferentes fontes documentais.

Referente á elaboración do informe final, tras revisar e seleccionar a información e os resultados máis destacables para fundamentar esta temática, se estrutura principalmente en tres bloques. No primeiro bloque, que abarca dende o apartado 1 ao 4, se desenvolve o marco teórico e conceptual sobre o tema, no que inicialmente se define o termo de violencia

filio – parental. Posteriormente se expoñen algúns modelos explicativos, e diversos factores de risco que presentan unha correlación positiva no desenvolvemento de condutas violentas dos fillos cara os pais. Para rematar este apartado, se describen as características das familias que sofren violencia filio – parental, tanto as das vítimas como as dos/as agresores.

No segundo bloque, correspondente o apartado 5 de “Evolución do fenómeno da violencia filio – parental”, se ofrece un rexistro da evolución do fenómeno, como o propio nome do apartado indica, aportando os resultados obtidos en base ós procesos incoados, e datos estatísticos tras a revisión de diversos estudos sobre este tipo de violencia.

E no terceiro bloque, relativo o apartado 6 sobre a “Intervención con familias e menores con condutas de maltrato”, se recolle o marco legal en materia de xustiza de menores existente en España, e diversos programas e centros que abordan o tratamento da violencia filio – parental no noso país.

Para finalizar se expoñen as conclusións máis importantes xeradas a partir da elaboración deste traballo e, por outro lado, se inclúen as referencias bibliográficas consultadas para a súa realización.

Dende a Pedagogía, como futuros profesionais da educación que desenvolven a súa función en diversos contextos educativos e sociais, este traballo responde, en primeiro lugar, á competencia de ter capacidade de analizar as diversas realidades nas que se desempeña a labor profesional dos/as pedagogos/as. Outras competencias desenvoltas son as de coñecer, comprender e analizar de modo integral situacións educativas en diferentes contextos, así como xestionar e/ou facer uso directo dos recursos documentais, metodolóxicos e materiais que comportan o desenvolvemento dunha profesión, neste caso a do/a pedagogo/a, e realizar estudos prospectivos e avaliativos sobre características, necesidades e demandas pedagóxicas.

1. Definición de violencia filio – parental

Cando se fala de violencia filio – parental, non cabe dúbida de que nos referimos a un tipo de violencia intrafamiliar efectuada de fillos/as a pais, é dicir, aquela violencia que protagonizan os fillos/as que converten ós seus pais en vítimas. Neste sentido, a vítima da violencia é “o suxeito xuridicamente obrigado ás labores de coidado e educación do seu mesmo agresor” (Chinchilla, Gascón, García e Otero, 2005, p. 3).

Existen diferentes definicións que engloban aspectos relevantes sobre este fenómeno. Aroca (2010; cit. en Aroca, Lorenzo e Miró, 2014, p. 158) establece que:

a violencia filio – parental é aquela onde o fillo/a actúa intencional e conscientemente co desexo de causar dano, prexuízo e/ou sufrimento aos seus proxenitores, de forma reiterada ó longo do tempo, e co fin inmediato de obter poder, control e dominio sobre as súas vítimas para conseguir o que desexa, por medio da violencia psicolóxica, económica e/ou física.

Nesta definición a autora pon de manifesto a intencionalidade, así como a reiteración, da conduta violenta exercida polo fillo/a, o cal pretende obter a autoridade e o control da situación no ámbito familiar, causando dano e sufrimento ós seus pais.

Pereira (2006, p. 2), que tamén fai referencia ó feito de que a violencia é reiterada no tempo, define a violencia filio – parental como:

as condutas reiteradas de violencia física (agresións, golpes, empuxóns, arroxar obxectos), verbal (insultos repetidos, ameazas) ou non verbal (xestos ameazadores, ruptura de obxectos apreciados) dirixida ós pais ou ós adultos que ocupan o seu lugar. Exclúense os casos illados, a relacionada co consumo de tóxicos, a psicopatoloxía grave, a deficiencia mental e o parricidio.

Outra definición é a proposta pola Asociación Altea – España (2008, p. 15-16), que entende por violencia filio – parental:

todo acto realizado polos fillos contra os seus pais, titores ou gardadores, coa finalidade de utilízalos ou tiranízalos. Con esta actuación os fillos buscan causar dano e/ou molestia permanente, utilizando a incompreensión como axioma; ameazan ou agriden para dar resposta a un hedonismo e nihilismo crecente; mostran condutas de desapego, transmitindo aos pais que non lles queren.

Finalmente, Garrido (2008; cit. en Aroca, 2013, p. 15) define “a violencia filial como un trastorno que reúne un conxunto de condutas agresivas, físicas e psicolóxicas, tales como golpes, ameazas e extorsión económica, destacando do fillo a súa falta de conciencia e a súa escasa capacidade para sentir culpa”.

2. Modelos explicativos da violencia filio – parental

Das teorías existentes para explicar o fenómeno da violencia filio – parental, destaca a Teoría da Aprendizaxe Social de Bandura (1982) que vincula a orixe da conduta violenta dos fillos á aprendizaxe por modelado que se produce nas relacións familiares, ou dito doutra maneira, aprendizaxe por observación.

Sen embargo, Garrido, Herrero e Masip (2001) sosteñen que non só se aprende a partir da observación do que fai outra persoa, senón tamén por imitación do comportamento das figuras de apegos e das instrucións dadas dentro da dinámica familiar. De feito, “a imitación é o principal e primeiro elemento para aprender unha conduta, pero non tanto no seu mantemento. Por regra xeral, aprendemos condutas por observación de modelos e, posteriormente, a reproducimos e mantemos se obtemos resultados desexables para nós” (Aroca, Bellver e Alba, 2012, p. 493).

Este modelo explicativo é suxerido por moitos autores que estudan a violencia filio – parental dende diferentes perspectivas. Patterson (2002) considera que, na explicación da conduta violenta, inclúese a exposición do fillo á violencia de xénero e a conflitos e problemas familiares diversos. Este mesmo autor, sinala como posibles causas da violencia filio – parental os estilos educativos ineficaces, como a excesiva permisividade e a protección, e as relacións pouco afectivas entre os proxenitores e fillos. Tamén pon énfases no feito de ser testemuña de condutas violentas, traumas por abuso e/ou abandono, denominados patróns interxeneracionais de violencia.

O modelo de coerción de Patterson (1982), que se aproxima á teoría da aprendizaxe social, intenta explicar cómo se vai formando a conduta antisocial, facendo especial fincapé naqueles suxeitos que comezan as condutas antisociais ou inadaptadas a unha idade temperá, e nas experiencias disciplinarias que se producen no seno familiar. De feito, este autor considera que os pais e os fillos moldéanse mutuamente, e que a conduta é aprendida inicialmente a través da observación, polo que a conduta negativa dos menores pode ser consecuencia das respostas aversivas que manifestan os pais sobre estes. Pero “aínda que os proxenitores teñen un papel significativo na vida do seu fillo, en moitas ocasións dita influencia non é a decisiva” (Aroca, Bellver et al., 2012, p. 499).

Relacionado con isto, segundo Garrido (2007, p. 15) “os pais teñen moito que ofrecer os seus fillos, pero non chegan ó extremo de moldear o seu antollo a psicoloxía e a conduta deles”. A proposta explicativa deste autor é o denominado Síndrome do Emperador, que o define como “a disposición psicolóxica que caracteriza aos fillos que maltratan ós seus pais (psíquica ou fisicamente) *de forma continuada ou habitual*, sen que estes poidan ser considerados “malos pais” (Garrido, 2008, p. 6). Tamén relaciona este tipo de comportamento coa psicopatía, e considera que o tipo máis grave de fillo tirano é o fillo psicópata integrado dentro da familia. Ademais sinala que “o maltrato ós proxenitores aparece en fillos con rasgos de personalidade difíciles de inhibir mediante estilos educativos competentes, polo que requiren de pautas de crianza específicas e máis intensivas” (cit. en Aroca et al., 2014, p. 167).

E a última teoría explicativa é o modelo ecolóxico proposto por Cottrell e Monk (2004), que abarca os diferentes factores implicados na violencia filio – parental. Este modelo baséase na interacción recíproca entre o macrosistema, o exosistema, o microsistema e os factores ontoxenéticos.

O macrosistema representa os valores culturais, as crenzas e o modelado social e mediático que inflúen na violencia. O exosistema inclúe as estruturas sociais que interveñen no funcionamento individual e persoal, creando un contexto que impulsa a violencia. O microsistema fai referencia ás dinámicas familiares que contribúen ao desenvolvemento das condutas violentas e, por último, os factores ontoxenéticos son os propios do menor, como a historia de abusos, o modelado de condutas violentas, os estilos de apego problemáticos, o abuso de substancias, os problemas de saúde mental ou o historial académico conflitivo.

Neste modelo hai múltiples variables, descritas anteriormente, que interactúan no desenvolvemento da violencia filio – parental, aínda que non é imprescindible que se dean todas para que ocorra este tipo de violencia. En xeral, “é máis probable que se dea violencia filio – parental cando están presentes numerosas variables, sendo as variables macrosistémicas as que inflúen constantemente nas variables do resto de sistemas” (Ibabe, Jaureguizar e Díaz, 2007, p. 18-19).

3. Factores que inflúen na violencia filio – parental

No maltrato de fillos/as contra os seus proxenitores existe unha correlación de diversos factores de risco que xeran esta problemática e, polo tanto, determinan o comportamento do fillo violento.

Para algúns autores os estilos educativos parentais representan unha das principais causas deste tipo de violencia. Aroca, Cánovas e Alba (2012, p. 234) establecen que o termo «estilo educativo» atribúese:

ó conxunto de pautas e prácticas de crianza, cuxo obxectivo é a socialización e educación dos fillos, onde interactúan rasgos de personalidade, experiencias pasadas e características persoais, tanto parentais como filiais, que se contextualizan dentro dun sistema intra, meso e macrofamiliar inmerso, a súa vez, nun marco transcultural e histórico determinados.

González Álvarez (2012, p. 176) considera que “as estratexias empregadas polos pais con fins educativos foi unha das variables máis estudadas en relación á presenza de agresións dirixidas a pais ou ben de problemas de conduta en xeral nos menores”. De feito, existen diferentes estilos educativos vinculados á violencia filio – parental, entre os que

destacan, como os máis frecuentemente practicados polos pais, os estilos educativos negligente, permisivo e autoritario.

Ibabe, Jaureguizar e Díaz (2007) sinalan o estilo permisivo – liberal, sobreprotector e sen normas consistentes; o estilo autoritario con violencia intra – familiar e o estilo negligente – ausente. O estilo educativo permisivo – liberal caracterízase polo exceso de protección, altos niveis de permisividade e incapacidade de exercer a autoridade, creando así suxeitos violentos cunha baixa tolerancia á frustración, é dicir, a capacidade de aceptar a non satisfacción ou realización dun desexo inmediato. O estilo autoritario con violencia intra – familiar refírese a familias con interaccións ríxidas e agresivas que consideran que a violencia facilita alcanzar os obxectivos propostos. E, por último, o estilo negligente – ausente caracterízase pola incapacidade dos pais para desempeñar o seu rol, polo que os adolescentes asumen responsabilidades de adultos, podendo provocar que recorran a actos violentos “como un intento de impoñerse, ou polo contrario, de rexeitar o rol no que se os sitúa” (Pereira e Bertino, 2009, p. 76).

Estes mesmos autores (Ibabe et al., 2007), realizaron un estudo no que os resultados obtidos concluíron que o estilo máis frecuente exercido polo pai é o negligente – ausente e, pola nai, o permisivo – liberal. Referente a isto, cabe resaltar a influencia da incoherencia ou a non coincidencia no estilo educativo entre os proxenitores como posible xerador de comportamentos agresivos por parte do fillo, é dicir, un fogar onde existen contradicións entre as estratexias educativas exercidas polos pais (Cottrell e Monk, 2004; Roperti, 2006). Ademais, Roperti (2006, p. 64) sinala que “si debido ós conflitos entre os pais estes se contradicen, o chico aprenderá a manipular para saír gañando sempre, esquema que repetirá no resto de escenarios de interacción”.

Outro dos factores que repercute no comportamento agresivo dos fillos cara os seus pais, é a tipoloxía da familia, aínda que existen posturas enfrontadas. Segundo Cánovas e Sahuquillo (2010, p. 123):

hoxe en día, a familia nuclear tradicional non é unha condición *sine qua non* para unha correcta educación e desenvolvemento e unhas óptimas relacións familiares. A familia é positiva ou negativa para o menor en función das relacións de afecto, respecto, e o apoio que manteñen entre si quenes a conforman.

Polo contrario, Pereira e Bertino (2009) consideran que o tipo de familia con maior risco de sufrir violencia filio – parental é a familia monoparental, debido a que, segundo Hetherington (1999; cit. en Aroca, Cánovas e Alba, 2012, p. 240). “a monoparentalidade

pode desenvolver no fillo condutas antisociais, un nivel baixo en competencia social, e presentar problemas con iguais ou na familia”.

Do mesmo modo, no anterior estudo citado de Ibabe et al. (2007), en relación coa estrutura familiar, tamén conclúen que as familias monoparentais son as que maioritariamente sofren a violencia dos fillos no fogar. Incluso, “comparados con chicos que crecen con dous pais biolóxicos, as familias dun só proxenitor teñen máis relacións conflitivas con eles, reciben menos estimulación cognitiva, apoio emocional e supervisión e ten lazos afectivos máis pobres cos seus pais” (Torrente e Ruiz, 2005, p. 43). Ao respecto, Aroca, Cánovas et al. (2012, p. 243) consideran que “as familias monoparentais e aquelas onde a nai é o proxenitor máis débil, é onde existe un maior risco de aparición deste tipo de conduta violenta e desnaturalizada contra os ascendentes”.

A exposición á violencia familiar, concretamente á violencia marital e ao maltrato de pais a fillos, considérase un factor de risco importante na violencia filio – parental, xa que “se asociou a numerosos problemas psicolóxicos nos fillos, destacando o maior risco de conduta agresiva nestes” (Gámez – Guadix e Calvete, 2012, p. 278). Estes mesmos autores sinalan que “aqueles nenos que observan condutas agresivas no fogar ou as sofren de forma directa poden aprender a comportarse da mesma maneira e no futuro actuar con violencia cara os seus propios fillos ou contra a súa parella” (p. 278). Non obstante, aínda que este tipo de condutas agresivas poidan supoñer un factor de risco na violencia filio – parental, non supoñen un factor indispensable para que se desenvolva o maltrato cara os pais, senón que “podería depender das características psicolóxicas e do sexo dos xóvenes” (Ibabe et al., 2007, p. 24).

E, outro factor vinculado ó desenvolvemento da violencia filial é o nivel socio – económico das familias. O estudo realizado por Cottrell e Monk (2004), indica que as familias cun baixo nivel socio – económico teñen maior probabilidade de sufrir violencia filio – parental, aínda que non consideran que unha clase social e económica concreta sexa un factor clave para este tipo de violencia.

Polo contrario, hai estudos que determinan que a violencia filio – parental soe darse en familias de nivel socio – económico medio e alto. Mouren, Halfon e Dugas (1985; cit. en Aroca, Cánovas et al., 2012, p. 244) concluíron que “a posición económica das familias que sufrían violencia filio – parental soia ser elevada e, con frecuencia, os proxenitores contaban cunha titulación académica ou exercían profesións liberais”.

Do mesmo modo, segundo os datos obtidos do estudo levado a cabo pola Asociación Altea – España (2008), pódese sinalar que, en xeral, as familias que sofren

violencia filio – parental pertencen á clase media ou teñen unha situación económica suficiente. Así pois, Ibabe et al. (2007) tamén conclúen que as familias dos fillos maltratadores estudadas, maioritariamente, tiñan unha situación económica suficiente.

Para finalizar este apartado, hai que sinalar que as investigacións e os datos proporcionados son contraditorios, sobre todo no referente aos niveis socio - económicos, xa que este tipo de violencia familiar dáse en tódolos estatus económicos, está presente en todas as clases sociais e, ademais, aparece en todas as estruturas familiares.

4. Características das familias que sofren violencia filio – parental

A continuación se describen as características máis destacables das familias que sofren violencia filio - parental, relativas ás vítimas e ós/as agresores, que poden ter importancia no desenvolvemento deste fenómeno.

4.1. Características das vítimas

As características dos pais vítimas do maltrato filial están vinculadas con algúns dos factores expostos no apartado anterior. Referente as pautas de crianza, no caso do maltrato contra a nai en familias monoparentais, “se caracterizan pola irritabilidade, comunicación intrafamiliar insuficiente, pouco control e supervisión parental, prácticas coercitivas, falta de afecto, normas e límites escasos, inexistentes ou inconsistentes e niveis de cohesión familiar baixos” (Aroca et al., 2014, p. 163).

Así pois, a pesar de que nas familias ambos proxenitores sofren os abusos e as agresións dos seus fillos, as principais vítimas soen ser as nais (Asociación Altea – España, 2008; Ibabe et al., 2007). Este feito orixínase porque, “en primeiro lugar, a nai é a principal (e a veces a única) responsable da educación dos fillos, o que comporta maior probabilidade de enfrontamentos con eles e, en segundo lugar, as familias monoparentais están en case a súa totalidade encabezadas polas nais” (Aroca et al., 2014, p. 163).

Tamén hai que considerar a posible influencia da existencia da violencia marital ou violencia de xénero no fogar. Cando os fillos son testemuñas de violencia marital entre os seus pais, isto “favorece unha interiorización de crenzas e valores negativos sobre as relacións cos outros, especialmente, sobre as relacións familiares e sobre a lexitimidade do uso da violencia para conseguir os obxectivos fixados” (Ibabe et al., 2007, p. 23).

Ante a presenza da violencia de xénero, a conduta agresiva dos fillos desenvólvese de distinta maneira en varóns e mulleres, xa que:

os adolescentes varóns que son testemuñas da violencia de xénero nos seus fogares, imitan a conduta dos seus pais que reflexa unha crenza de superioridade fronte á muller, neste caso, a súa nai. Polo contrario, no caso das fillas, estas exercerían violencia contra as súas nais como forma de rebelarse e distanciarse da imaxe feminina que proxecta a súa nai (Ibabe et al., 2007, p. 24).

En relación a isto, existe certo grao de bidireccionalidade entre a violencia exercida de pais a fillos, e viceversa. Isto se debe á aprendizaxe de modelos de relación baseados na violencia, debido a que os fillos observaron directamente na familia comportamentos agresivos entre os pais, ou experimentáronos cara eles mesmos durante a infancia, e desta maneira interiorizan a violencia como unha forma de afrontar os conflitos e, polo tanto, aumenta a probabilidade de condutas agresivas dos fillos cara os pais (Ibabe e Jaureguizar, 2011).

4.2. Características dos/as agresores

Roperti (2006, p. 26) considera que o fillo violento “é aquel que emite comportamentos de maltrato cara os seus pais, que resolve os problemas ou descarga a tensión emitindo condutas destrutivas cara o fogar, preferiblemente contra os seus proxenitores”. Do mesmo xeito, e recorrendo á Real Academia da Lingua, Urra (2006, p. 15) define ó fillo tirano como “a persoa que abusa do seu poder, superioridade ou forza en calquera concepto ou materia, e tamén, simplemente, como o que impón ese poder e superioridade en grao extraordinario”.

Pereira e Bertino (2009, p. 72) consideran que son “nenos, adolescentes e xóvenes aparentemente “normalizados”, que proceden de calquera estrato social, con condutas violentas mais ou menos estendidas, que inclúen sempre o ámbito familiar, e con moita frecuencia se reducen a este contexto”. Sen embargo, existe unha gran heteroxeneidade para establecer un perfil dos fillos/as agresores xa que os resultados varían considerablemente en función do tipo de ámbito de procedencia, como dos criterios de inclusión da mostra empregada.

Respecto á variable idade do agresor, se procede do ámbito xudicial (Fiscalía do Menor) o rango de idade oscila entre 14 e 17 anos, e en clínica e servizos sociais establécese entre 9 e 13 anos. Aínda así, algúns estudos revisados (Chinchilla et al., 2005; Ibabe et al., 2007), enmarcan o rango de idade con maior incidencia de fillos maltratadores entre os 14 e 16 anos.

En canto ó sexo do agresor, diversas investigacións coinciden en que son os varóns quen cometen con maior frecuencia maltrato filial, entre o 50% e o 80% dos casos (Asociación Altea – España, 2008; Cottrell e Monk, 2004; Ibabe et al., 2007; Ulman e Straus, 2003). Relacionado con isto, outro aspecto importante a mencionar é o tipo de violencia que os fillos exercen contra os seus pais. En xeral, “os varóns son máis propensos a exercer o maltrato físico, mentres que as mulleres teñen máis probabilidades de exercer o maltrato emocional ou verbal, sendo así tamén no caso específico da violencia cara os pais” (Ibabe e Jaureguizar, 2011, p. 266).

O perfil psicolóxico dos fillos agresores caracterízase por unha baixa autoestima, menor nivel de tolerancia á frustración e menor capacidade de empatía que outros menores infractores, o que podería corresponderse a un perfil de inadaptación social, é dicir, condutas antisociais (Ibabe e Jaureguizar, 2011).

Por outro lado, hai autores que consideran que estes menores padecen trastornos psicolóxicos, primordialmente da personalidade, e psiquiátricos (Garrido, 2007; Urra, 2006). Sen embargo, o estudo realizado por Ibabe e Jaureguizar (2011a, p. 11) indica que os menores agresores filio – parentais “teñen máis probabilidade de ser diagnosticados de trastorno por déficit de atención e comportamento perturbador que de trastorno da personalidade ou outro tipo de trastorno”.

No relativo ao consumo de sustancias, encontrouse certa relación entre a violencia filio – parental e o consumo de drogas e/ou alcohol (Ibabe e Jaureguizar, 2011). Dita relación non é moi elevada, xa que os resultados dos estudos sobre o abuso de sustancias non son concluíntes debido “ás diferenzas culturais, ó tipo de mostra e ós diferentes aspectos do consumo de drogas avaliados (consumo regular de sustancias, abuso de sustancias, tendencia ó consumo ou consumo momentos antes de cometer a agresión)” (Ibabe e Jaureguizar, 2011a, p. 4). Isto quere dicir que o consumo de alcohol e drogas non é a orixe das condutas violentas, senón un problema coexistente co maltrato e, incluso, podería ser un factor prexudicial e negativo que favorece a violencia.

E atendendo ó contexto socio – educativo, os fillos que manifestan condutas violentas cara os seus pais, “se caracterizan por condutas disruptivas na aula durante a infancia e/ou adolescencia, dificultades de aprendizaxe na adolescencia, así como problemas de rendemento escolar” (Ibabe e Jaureguizar, 2011a, p. 3).


5. Evolución do fenómeno da violencia filio – parental

En España a violencia filio – parental se trata dunha problemática emerxente que vai tomando consistencia nos últimos anos, producíndose un incesante incremento das

denuncias de nais e pais por agresións dos seus fillos. Maioritariamente os datos proceden do ámbito xudicial, da Fiscalía de Menores.

Así, a Fiscalía Xeral do Estado cada ano presenta unha memoria na que se inclúe a exposición e a análise do número total de procedementos incoados respecto ó maltrato de ascendentes. Precisamente, na súa última memoria publicada no ano 2014 (Fiscalía Xeral do Estado, 2014) aporta as cifras detectadas dos últimos anos, que representan soamente aqueles casos nos que se emprenderon medidas legais. Os datos relativos a dita memoria determinan un número total de 4.659 asuntos incoados no ano 2013, fronte ós 4.936 do 2012 e os 5.377 procedementos do ano 2011. Nos anos anteriores se observaban aumentos progresivos, xa que se rexistraron 4.995 procedementos no ano 2010, 5.201 en 2009, 4.211 en 2008 e 2.683 denuncias no ano 2007 (gráfico 1).

Gráfico 1. Evolución cuantitativa de procedementos incoados (2007 – 2013)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Fiscalía Xeral do Estado (2014)

Este incremento suxire que aparecen cifras ata o momento ocultas, en parte porque moitos pais negaban e/ou encubrían o abuso e toleraban altos niveis de agresividade antes de tomar medidas. Tamén se debe a que son pais reticentes a denunciar polo temor ás consecuencias penais que iso pode ocasionar para os seus fillos e, a miúdo, pola vergonza e sensación de fracaso na súa labor parental. Pero, actualmente, os pais están perdendo o medo e a vergonza a facelo visible e, por tanto, a denunciar cada vez máis as condutas agresivas dos seus fillos.


Dita memoria reflexa a relevancia que a violencia dos fillos cara os seus proxenitores ten na nosa sociedade, e manifesta que segue sendo a tipoloxía delictiva da violencia xuvenil á que máis atención dedican as distintas Seccións de Menores. Aínda así, se resalta

a insuficiencia de políticas, prácticas e estratexias preventivas de reforzo ás habilidades parentais.

Por outro lado, en España os datos en torno á prevalencia ou incidencia sobre violencia filio – parental son moi dispares e pouco concluíntes. O estudo realizado por Ibabe et al. (2007) analiza, entre outras variables, a prevalencia de denuncias de pais cara os seus fillos menores de idade por malos tratos na poboación de Bizkaia, entre o ano 2000 e 2006. Trátase dunha investigación exploratoria baseada no análise de 103 expedientes de menores, con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos, con procedementos xudiciais abertos por delitos de violencia filio – parental, e outros tipos de delitos, na Fiscalía de Menores de Bilbao.

Durante este período de tempo, e tendo como referencia as porcentaxes de denuncias por violencia filio – parental respecto ó total de delitos denunciados (gráfico 2), se observa un aumento do número de casos de violencia filio – parental na provincia de Bizkaia, sobre todo a partir do ano 2002, e un leve descenso no 2006.

Gráfico 2. Evolución da porcentaxe de denuncias VF segundo o total de expedientes por ano na provincia de Bizkaia (2000 – 2006)



Fonte: Ibabe et al. (2007, p. 92)

Outro estudo a nivel nacional é o realizado por Romero, Melero, Cánovas e Antolín (2005) sobre menores imputados en delitos de violencia doméstica. Esta investigación inclúe o análise dos expedientes abertos e cualificados como actos de violencia doméstica polas Fiscalías de Menores de Cataluña (Barcelona, Tarragona, Lleida e Girona), dende o ano 2001 ata o 2003. A poboación obxecto de estudo son 116 menores con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos, dos cales o 79´3% son chicos e o 20´7% chicas.

Os resultados obtidos, en función da idade do total de menores estudados, reflicten un aumento na comisión de delitos de violencia doméstica segundo se aproximan á maioría de idade penal. Nos 14 anos o 7'8% dos expedientes implicaban algún delito de violencia doméstica, mentres que nos 17 anos a porcentaxe de expedientes incrementou de maneira notable ata un 39'7% (táboa 1).

Táboa 1. Idade dos menores denunciados

Edad	Violencia doméstica (%)	Otros tipos delictivos (%) - Memoria 2003 -
14 años	7,8	15,51
15 años	20,7	23,75
16 años	31,9	28,68
17 años	39,7	31,58
No consta	0,0	0,49
Total	100,0	100,0

Fonte: Romero et al. (2005, p. 48)

Diferenciando esta variable segundo o xénero dos menores infractores, os datos determinan que os varóns de 14 anos supoñían o 8'7% e as mulleres desta idade o 4'2%. E aos 17 anos o porcentaxe de varóns era do 39'1% mentres que as mulleres era 41'7% (táboa 2).

Táboa 2. Idades dos menores denunciados segundo o sexo

Edad	Hombre		Mujer	
	N	%	N	%
14 años	8	8,7	1	4,2
15 años	19	20,7	5	20,8
16 años	29	31,5	8	33,3
17 años	36	39,1	10	41,7
Total	92	100	24	100

Fonte: Romero et al. (2005, p. 49)

Todas estas cifras expostas se fundamentan en estudos levados a cabo con datos xudiciais, pero tamén existen diversos estudos que aportan datos sobre este fenómeno referente á poboación xeral. O estudo realizado por Ibabe e Jaureguizar (2011) atende á execución da violencia dos fillos cara os seus proxenitores, no cal participaron 485 adolescentes de ambos sexos (55% varóns e 45% mulleres), de idades comprendidas entre 12 e 18 anos, procedentes de nove centros escolares da provincia de Guipúzcoa. Os resultados obtidos indicaron que o 21% dos participantes manifestaron violencia física contra os seus pais, o 21% abuso psicolóxico e o 46% abuso emocional.

Por último, referente ós datos pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia, cabe destacar que na memoria da Fiscalía de Galicia de 2014, relativa ó ano 2013, ponse de manifesto que os delitos de menores por violencia familiar (doméstica e de xénero) seguen sendo un dos grupos de delitos incoados máis representativos. No ano 2013 recolléronse 223 casos por violencia doméstica respecto ós 233 do ano 2012, polo que se observa un descenso interanual de 10 delitos que representa o 4'29% na cifra global (táboa 3).

Táboa 3. Infraccións penais (delitos e faltas)

ESTADÍSTICA 2013 FISCALÍA DE GALICIA – REFORMA DE MENORES (5)								
INFRACCIONES PENALES (DELITOS Y FALTAS) - DATOS PROVINCIALES Y GLOBALES DE GALICIA								
		CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEV	GALICIA 2013	GALICIA 2012	VARIACIÓN INTERANUAL
DELITOS	HOMICIDIO/ASESINATO DOLOSOS	0	0	0	0	0	5	-5 (-100%)
	LESIONES	357	69	89	93	608	734	-126 (-17,17%)
	CONTRA LIBERTAD SEXUAL	56	5	8	16	85	84	1 (1,19%)
	AGRESIÓN SEXUAL	37	5	3	5	50	40	10 (25%)
	ABUSO SEXUAL	19	0	5	11	35	44	-9 (-20,45%)
	CONTRA EL PATRIMONIO	613	109	116	332	1.170	1.252	-82 (-6,55%)
	ROBOS CON FUERZA	190	35	29	62	316	295	21 (7,12%)
	ROBOS CON VIOLENCIA O INTIMIDACIÓN	100	30	16	58	204	222	-18 (-8,11%)
	HURTOS	239	28	31	141	439	466	-27 (-5,79%)
	DAÑOS	84	16	40	71	211	269	-58 (-21,56%)
	CONTRA LA SALUD PÚBLICA	13	4	3	17	37	26	11 (42,31%)
	CONTRA LA SEGURIDAD VIAL	17	9	19	19	64	79	-15 (-18,99%)
	CONDUCCIÓN ETÍLICA/DROGAS	0	0	0	0	0	3	-3 (-100%)
	CONDUCCIÓN TEMERARIA	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)
	CONDUCCIÓN SIN PERMISO	17	9	19	19	64	74	-10 (-13,51%)
	VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA Y DE GÉNERO)	94	26	21	94	235	250	-15 (-6%)
VIOLENCIA DOMÉSTICA	93	18	20	92	223	233	-10 (-4,29%)	
VIOLENCIA DE GÉNERO	1	8	1	2	12	17	-5 (-29,41%)	
OTROS	110	42	30	830	1.012	711	301 (42,33%)	
TOTAL DELITOS	1.260	264	286	1.401	3.211	3.141	70 (2,23%)	
FALTAS	CONTRA EL PATRIMONIO	50	20	19	144	233	431	-198 (-45,94%)
	CONTRA LAS PERSONAS	12	43	37	118	210	287	-77 (-26,83%)
	OTRAS	0	35	1	157	193	61	132 (216,39%)
	TOTAL FALTAS	62	98	57	419	636	779	-143 (-18,36%)
TOTAL INFRACCIONES (DELITOS Y FALTAS)		1.322	362	343	1.820	3.847	3.920	-73 (-1,86%)

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia (2014, p. 217)

A Fiscalía nesta memoria alerta da ineficacia dalgunhas medidas correctoras no caso dos menores expedientados por violencia doméstica, cando non logran a reeducación do agresor, é dicir, conseguir unha pacífica convivencia familiar.

6. Intervención con familias e menores con condutas de maltrato

Neste apartado se expón o marco legal en materia de xustiza de menores existente en España, e se recompilan diversos programas e centros creados no noso país que abordan o tratamento da violencia exercida dos fillos/as cara os seus proxenitores.

6.1. Marco legal

Dentro do marco legal en materia de xustiza de menores, concretamente no sistema de xustiza penal xuvenil en España, destacan a Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores, e a Lei Orgánica 8/2006, do 4 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 5/2000 reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores.

A Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores constituíu unha reforma legislativa relevante, xa que supuxo a consolidación do recoñecemento do menor de idade como suxeito de dereitos no proceso penal. Dita lei esixe a responsabilidade das persoas maiores de catorce anos e menores de dezoito, pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código Penal ou as leis penais especiais.

Referente o vixente Código Penal, aprobado pola Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, impulsou dita reforma legislativa ó fixar a maioría de idade penal nos dezoito anos (artigo 19), polo que os menores desta idade non serán responsables criminalmente con axuste a este Código, e esixir a regulación expresa da responsabilidade dos menores de dita idade nunha lei independente.

Tomando como referencia o artigo 1 da Lei Orgánica 5/2000, se dispón que:

as persoas ás que se aplique a presente Lei gozarán de todos os dereitos recoñecidos na Constitución e no ordenamento xurídico, particularmente na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, así como na Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, e en todas aquelas normas sobre protección de menores contidas nos Tratados validamente celebrados por España (p. 7).

Esta lei caracterízase por un procedemento de natureza sancionadora – educativa, cunhas medidas aplicables ós infractores menores de idade orientadas cara a reinserción do menor na sociedade, primando como un principio básico o interese superior do menor, é dicir, o principio de que a responsabilidade penal dos menores presenta fronte á dos adultos un carácter primordial de intervención educativa.

No ámbito de aplicación da Lei Orgánica 5/2000 establécense dous tramos de idade, o primeiro de 14 a 16 anos, e o segundo de 17 a 18 anos, na graduación das consecuencias polos feitos cometidos, constituíndo para estes últimos unha agravación específica a comisión de delitos que se caracterizan pola violencia, intimidación ou grave perigo para as

persoas. No artigo 3 expresa que cando o autor dos feitos delictivos sexa menor de 14 anos, “non se lle esixirá responsabilidade con axuste á presente Lei, senón que lle aplicará o disposto nas normas sobre protección de menores previstas no Código Civil e demais disposicións vixentes” (p.7).

No relativo á actuación dos Xuíces de Menores, son competentes para coñecer os feitos cometidos polas persoas ás que se lles aplica a Lei Orgánica 5/2000, adoptar as medidas cautelares e facer executar as súas sentencias, sen deterioro das facultades de execución asignadas ás Comunidades Autónomas. Ademais da competencia de execución das medidas, as Comunidades Autónomas desenvolven funcións normativas de creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas precisos para levar a cabo ditas medidas.


En canto ó Ministerio Fiscal, correspóndelle a defensa dos dereitos que aos menores recoñecen as leis, así como a vixilancia das actuacións que deban efectuarse no seu interese e a observancia das garantías do procedemento, polo que se lle outorga con carácter exclusivo a investigación dos feitos e o exercicio da acción penal. En concreto, no artigo 23 da Lei Orgánica 5/2000, expónse que:

“a actuación instrutora do Ministerio Fiscal terá como obxecto, tanto valorar a participación do menor nos feitos para expresarlle o reproche que merece a súa conduta, como propoñer as concretas medidas de contido educativo e sancionador adecuadas ás circunstancias do feito e do seu actor e, sobre todo, ó interese do propio menor valorado na causa” (p. 17).

Para levar a cabo ditas medidas, o Ministerio Fiscal solicita ó Equipo Técnico a elaboración dun informe ou actualización dos anteriormente emitidos, sobre a situación psicolóxica, educativa e familiar do menor, así como o seu entorno social, e calquera outro aspecto ou circunstancia relevante para a adopción dalgunha das medidas previstas na Lei Orgánica 5/2000. O Equipo Técnico depende funcionalmente do Ministerio Fiscal, con función asesora, de proposta e intervención e asistencia ó menor. Así mesmo, poderá propoñer unha intervención socio – educativa poñendo de manifesto aqueles aspectos do menor que considere relevantes en orden a dita intervención. Do mesmo modo, se o estima conveniente e en interese do menor, o Equipo Técnico informará sobre a posibilidade de que este realice unha actividade reparadora ou de conciliación coa vítima. Neste caso, non sería necesario elaborar un informe, pero se non fose posible desenvolver esta actividade, se continuará co procedemento xudicial.

A continuación se expón un resumo esquemático do procedemento que segue a Lei Orgánica 5/2000, dende o momento da denuncia ata a resolución xudicial (cadro 1).

Cadro 1. Procedemento xudicial da Lei Orgánica 5/2000



Fonte: Romero et al. (2005, p. 15)

Tras varios anos transcorridos dende a entrada en vigor da Lei Orgánica 5/2000, produciuse unha reforma no sistema xuvenil español coa aprobación da Lei Orgánica 8/2006, do 4 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores. A presente Lei modifica algúns artigos da Lei Orgánica 5/2000, co fin de procurar unha maior proporcionalidade entre a resposta sancionadora e a gravidade do feito cometido, na que continua primando o interese superior do menor.

Introducíronse importantes modificacións na regulación das medidas, entre as que destacan a ampliación dos supostos para impoñer medidas de internamento en réxime cerrado ós menores; se adecúa a duración das medidas á gravidade dos delitos e ás idades dos menores infractores; se inclúe unha nova medida de afastamento da vítima ou a súa familia u outra persoa que determine o Xuíz e, finalmente, se reforza a atención e o recoñecemento dos dereitos e intereses das vítimas e os prexudicados.

Entre as medidas que poden impoñer os Xuíces de Menores, as cales deben ser flexibles segundo as circunstancias familiares e sociais, a idade, a personalidade e o interese do menor, destacan as seguintes:

- Medidas de internamento:
 - Internamento en réxime cerrado: os menores residirán no centro, no cal desenvolverán as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio.
 - Internamento en réxime semiaberto: os menores residirán no centro, pero poderán realizar fóra do mesmo as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio establecidas no programa individualizado de execución da medida.
 - Internamento en réxime aberto: os menores realizan todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados do seu entorno, pero residen no centro como domicilio habitual.
 - Internamento terapéutico en réxime cerrado, semiaberto ou aberto: dirixido ós menores que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, problemas de adicción ó alcohol ou drogas tóxicas, que precisan unha atención educativa especializada ou tratamento específico.
- Tratamento ambulatorio: os menores asisten ó centro designado con periodicidade e seguen as pautas fixadas para o tratamento adecuado da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas ou drogas tóxicas.
- Asistencia a un centro de día: se trata dun centro plenamente integrado na comunidade, ó cal os menores acudirán a realizar as actividades de apoio, educativas, formativas, laborais e de ocio.
- Permanencia de fin de semana: os menores permanecerán no seu domicilio entre a tarde ou noite do venres ata a noite do domingo, a excepción do tempo en que realicen as tarefas socio – educativas asignadas polo Xuíz.
- Liberdade vixiada: medida pola que os menores están sometidos a un seguimento da súa actividade e da asistencia á escola, ó centro de formación profesional ou ó traballo, segundo os casos. Tamén están obrigados a manter as entrevistas establecidas no programa co Xuíz de Menores, e a cumprir cas regras de conduta impostas.
- Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares u outras persoas que determine o Xuíz: esta medida impedirá ós menores comunicarse con ditas persoas por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual.
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, durante un período de tempo determinado, para orientar ós menores no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade: os menores realizan actividades non retribuídas, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade.

- Realización de tarefas socio – educativas: os menores desenvolven actividades educativas específicas orientadas a facilitar a súa reinserción social.

6.2. Programas e centros de intervención

6.2.1. Programa de Intervención con Familias e Menores con Conduitas de Maltrato da “Colonia San Vicente Ferrer”

A Colonia San Vicente Ferrer é un Centro de Reeduación de menores infractores situado en Valencia, no que se atende, dende o ano 1922, a adolescentes de ambos sexos con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos. O centro dispón de 72 prazas para o cumprimento de medidas en réxime cerrado, semiaberto, aberto e convivencia en grupo educativo.

Sánchez, Ridaura e Arias (2010) crean e poñen en funcionamento o Programa de Intervención con Familias e Menores con Conduitas de Maltrato no ano 2004, na Colonia San Vicente Ferrer, para dar resposta á problemática social da violencia exercida polos fillos sobre os seus pais, sendo os propios pais os que demandan esta axuda para afrontar e encontrar solucións a esta situación. Este programa de intervención baséase no modelo teórico da Psicoloxía Cognitivo – Condutual, incidindo na idea de que a forma de comportarse dos fillos é aprendida de diferentes maneiras (asociación, imitación, reforzo positivo ou reforzo negativo), e os comportamentos se repiten e manteñen polas consecuencias obtidas ó emitilas. É dicir, “as condutas se manteñen porque a persoa obtén un beneficio ó emitilas – reforzo positivo –, ou elimina sensacións desagradables no seu ambiente – reforzo negativo –“ (Sánchez, Ridaura e Arias, 2010, p. 22).

O obxectivo principal deste programa é reducir, ata chegar a extinguir, os comportamentos agresivos e violentos dos/as fillos/as cara os seus pais. O modelo de traballo é fundamentalmente psicoeducativo, no que se traballa de forma individualizada cos fillos pero tamén cos pais, e de maneira conxunta con pais e fillos. Tamén se realiza unha formación grupal co conxunto de pais, a través da “Escola de pais”, co fin de proporcionarlles estratexias e habilidades concretas para mellorar as súas pautas de crianza e a relación cos seus fillos. Polo tanto, o programa se estrutura en cinco bloques de intervención, cada un deles composto por diversas sesións que abordan todas as dimensións cognitivas e emocionais implicadas na convivencia familiar, que se desenvolven en catro fases: avaliación, hipóteses, intervención e seguimento. Os bloques de intervención son os seguintes:

- Bloque I: Padres individual
- Bloque II: Adolescentes individual

- Bloque III: Padres e fillos
- Bloque IV: Escola de pais
- Bloque V: Adolescentes en grupo

O Programa de Intervención para Familias e Menores con Condutas de Maltrato é un dos programas máis destacables que se levan a cabo tamén no Centro de Menores “Cabanyal”, dirixido por Ridaura (2012), e xestionado pola Fundación Amigó, que pertence á Consellería de Benestar Social de Valencia. É un centro educativo – convivencial específico de 24 prazas para o tratamento de casos de menores, de entre 14 e 18 anos, que lles imponen unha medida xudicial por un delito de violencia filio – parental.

“Cabanyal” ofrece unha intervención especializada, educativa e psicolóxica, dedicada ó proceso educativo – socializador integral dos menores e, ademais proporciona unha intervención psicolóxica e terapéutica especializada no problema de violencia familiar ascendente, dirixida tanto ós menores como as súas familias. Este centro está capacitado para o cumprimento da medida xudicial de convivencia en grupo educativo, en aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores.

6.2.2. Euskarri – Centro de Intervención en Violencia Filio - parental

Euskarri é un Centro de Intervención en Violencia Filio – parental, ubicado en Bilbao – Bizkaia, e creado pola Escola Vasco – Navarra de Terapia Familiar, dirixida por Pereira (2005). Os principais obxectivos deste centro se fundamentan en ofrecer unha intervención eficaz que favoreza a eliminación de condutas violentas e unha mellora nas relacións familiares, e profundizar no coñecemento do funcionamento familiar co fin de desenvolver novas pautas de actuación.

O centro proporciona unha intervención psicoterapéutica dirixida a todas aquelas familias con fillos/as, de calquera idade, que exercen de forma reiterada cara os seus pais ou titores condutas de violencia física, verbal e non verbal. As intervencións que se levan a cabo no centro abarcan diferentes niveis: familiar (terapia familiar e adestramento de pais), individual e socio – grupal.

Euskarri non só se dedica á intervención psicoterapéutica coas familias, senón tamén á formación mediante congresos, xornadas, seminarios, talleres e cursos para todos aqueles interesados en profundizar sobre a violencia filio – parental. Se trata de formar, sensibilizar e realizar unha acción divulgativa para dar a coñecer este fenómeno, e ofrecer estratexias para abordar está problemática nos diferentes contextos que se efectúa.

6.2.3. Programa de Intervención por Maltrato Familiar Ascendente

No ano 2006 a Axencia para a Reeducación e Reinserción do Menor Infractor (ARRMI) da Comunidade de Madrid, desenvolve o Programa de Intervención por Maltrato Familiar Ascendente, coordinado por González Cieza (2008), co fin de dar resposta de forma específica ós casos sobre os que se executa unha medida xudicial pola agresión dos menores cara os seus proxenitores ou ascendentes no ámbito familiar.

Dito programa baséase nun enfoque psico – socio – educativo, que ten en conta tanto as características dos menores como das familias, centrado na familia como eixe central da intervención. Prioriza o traballo con todos os membros da familia, xa que se considera que o conflito familiar e o tipo de relación que se establece entre os membros son os factores primordiais para explicar os comportamentos e condutas violentas. A execución destas condutas tamén se debe a unha historia de aprendizaxe de comportamentos de relación adquiridos, a partir da confluencia de diversos factores presentes tanto nos menores como nos pais, como por exemplo un estilo educativo inadecuado.

Esta proposta de intervención consta de tres manuais de tratamento independentes: un para o menor, outro para os pais e outro centrado na intervención familiar. Todos seguen unha mesma estrutura, se compoñen de módulos, e cada un destes consta dunha ou varias sesións, que presentan unha organización similar para facilitar a aplicación das mesmas.

O programa se desenvolve nos distintos recursos que constitúen a Axencia, e que interveñen e dan resposta ás diferentes necesidades e medidas que se adoptan nestes casos. Os recursos dispoñibles son un Centro Especializado, un Grupo de Convivencia e seis Centros de Día.

6.2.4. Programa recURRA – GINSO

O programa recURRA – GINSO leva en funcionamento catro anos, avalado polo seu director clínico Urra (2011), coa colaboración da Asociación para a Gestión da Integración Social (GINSO). Se trata dun programa de axuda a familias en conflito cos seus fillos adolescentes, formado por un equipo de psicólogos, terapeutas e educadores co obxectivo de abordar e axudar a solucionar os conflitos filio – parentais, mediante un modelo de intervención psicopedagóxico de convivencia.

Este programa realiza unha labor terapéutica na que se traballa o respecto, tanto cara os demais como cara un mesmo, e a comunicación fluída entre fillos, pais / titores e profesionais, co fin de restaurar e fortalecer o vínculo entre pais e fillos para mellorar a súa

relación familiar, así como proporcionar ás familias os recursos necesarios para afrontar as situacións de conflito na convivencia familiar.

O tratamento inicial se imparte na sede central de GINSO e, en función da avaliación, se determina se o menor require ingresar en Campus Unidos. Campus Unidos é un centro residencial terapéutico que se ocupa do tratamento e educación de menores, con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, en conflito cos seus proxenitores. Neste centro desenvólvense intervencións terapéuticas, educativas e recreativas, que permiten traballar co adolescente dun modo integral, eficaz e innovador para abordar os conflitos dunha maneira intensa, prolongada no tempo e afastada do domicilio familiar.

Os proxenitores e/ou titores dos menores residentes en Campus Unidos participan no proceso psicoeducativo dos seus fillos acudindo a terapias familiares no propio centro, e ás terapias de pais que se realizan en CESFOR-P. Este último é o Centro de Estudos e Formación do Programa recURRA – GINSO, onde se ofrece un espazo no que se aprenden e poñen en común novas formas de relación no sistema familiar. A parte da formación para pais, CESFOR-P imparte formación para profesionais e institucións do ámbito sanitario, social e educativo, e dispón de varias liñas de actuación especializadas na violencia filio – parental, conflitos familiares e dificultades na etapa infante – xuvenil: prevención, formación, investigación e divulgación.

Conclusiones

Ao rematar a realización deste traballo de iniciación á investigación documental, cabe resaltar, en primeiro lugar, a falta de información de referencia e a insuficiencia de estudos concluíntes que abordan a crecente problemática social deste fenómeno. A violencia filio – parental incrementou de maneira exponencial nos últimos anos, o cal se evidencia nos datos que ofrece a Fiscalía Xeral do Estado (2014). Relativo a estes datos, podemos dicir que son insuficientes xa que soamente representan as denuncias interpostas polos pais que afirman ser agredidos polos seus fillos, pero non coñecemos a realidade total do fenómeno.

Sobre isto é importante mencionar que hai dificultade para detectar ou coñecer este tipo de casos, xa que en ocasións moitos pais non acoden á policía nin a denunciar os seus fillos porque se senten fracasados na súa labor parental, senten vergonza pola imposibilidade de controlar a situación de violencia no seu propio fogar, e medo ante as consecuencias que pode provocar a denuncia nos seus fillos.

Por outro lado, ó ter revisado diversos estudos, podemos observar que hai importantes diferenzas entre uns estudos e outros, debido a que existen numerosas variables que inflúen na forma en que os datos son recollidos e analizados, como poden ser

o emprego de distintas metodoloxías; diferentes características das mostras estudadas, tales como o seu tamaño, ámbito de procedencia, idade, entre outras; e o uso de distintos instrumentos e fontes de información, que orixinan certa variabilidade, e incluso contradicións, nos datos obtidos.

Relativo ós datos expostos, podemos concluír que a violencia filio – parental aparece en familias de todos os niveis socio – económicos, dándose maior incidencia nas de clase media ou suficiente, se presenta en todas as clases sociais, e en todas as estruturas familiares, aínda que si é certo que aparecen máis casos nas familias monoparentais, e na súa maioría encabezadas pola nai. En canto ó perfil dos agresores, o sexo masculino representa o porcentaxe máis elevado, principalmente na violencia física, e cun rango de idade de maior incidencia entre os 14 e 17 anos, xa que en España a maioría proceden do ámbito xudicial. E referente ás vítimas de malos tratos, nestes casos primordialmente soen ser as nais.

Baseándonos nos aspectos máis relevantes da violencia filio - parental, inclusive coincidentes entre algúns dos autores mencionados, se recalca que os fillos/as actúan conscientemente coa intencionalidade de causar dano, prexuízo e sufrimento nos seus proxenitores, utilizando a violencia física, psicolóxica e/ou económica para obter o que desexan exercendo poder e control sobre eles. É dicir, estes fillos logran ou planifican a toma de poder e autoridade dos seus fogares.

Este tipo de violencia exercida polos menores, soe darse nun contexto familiar que presenta dificultades que inflúen directamente tanto na aparición como no mantemento deste tipo de condutas violentas. Consideramos que un dos aspectos ou factores máis destacables, e moi importantes a ter en conta, son as pautas de crianza empregadas polos proxenitores. Hai nenos fáciles e difíciles de educar, pero o problema tamén está cando os pais non teñen claras as pautas de crianza, ou dito doutra maneira, non son estables nin coherentes no estilo educativo dentro do ámbito familiar. Aparte disto, hai moitos pais que educan en sentido negativo, é dicir, só recriminan ós seus fillos o que non fan ben, cando se debería facer un reforzo positivo do seu bo comportamento.

Vinculado a isto, Garrido (2007, p. 35) considera que unha das razóns de “por qué os pais perderon capacidade como educadores, é que a sociedade perdeu o obxectivo principal de toda educación humana: crear conciencia, desenvolver un forte código moral acerca do que está ben e o que está mal”. En base a isto, entendemos que nestes casos os nenos non desenvolven principios nin normas morais, como o sentimento de culpa, ou de respecto ás persoas do seu arredor, polo que exercendo estas condutas cara os seus pais se deixa ver que teñen problemas para establecer vínculos afectivos.

É por isto que é conveniente resaltar a importancia da tarefa preventiva destas condutas violentas, co fin de concienciar sobre esta problemática e as súas consecuencias e repercusións negativas no ámbito familiar, así como reducir o risco de aparición ou perpetuación de comportamentos violentos. Deberíamos resolver ou traballar sobre estas condutas dende que os nenos son pequenos, e non esperar a que sexan adolescentes e desenvolvan condutas agresivas e violentas difíciles de controlar no seno da familia.

Durante os últimos anos, se observa como esta problemática aumenta e está cada vez máis presente nas familias, xerando múltiples consecuencias que dificultan o benestar familiar. Este problema ou conflito ten solución e, por esta razón, é imprescindible intervir e traballar tamén coas familias, e non só cos menores, debido a que a implicación e participación das familias é un apoio fundamental para conseguir a mellora das relacións familiares.

Referente á intervención, tal e como expuxemos neste traballo, existen servizos especializados para a problemática da violencia filio – parental que ofrecen propostas de intervención dirixidas ás familias, que se caracterizan na súa maioría por un nivel de actuación integral, é dicir, se traballa tanto co menor como coa súa familia. Nestes casos a intervención debe axustarse ás necesidades do menor e da súa familia, e se centrará máis nuns ou outros aspectos, dependendo do modelo teórico no que se fundamenta.

Consideramos que este tipo de intervención é moi adecuada e axeitada nestas situacións de violencia, que permite coñecer a súa orixe, atendendo a tódolos factores que levan ó menor a ditas situacións, e establecer as liñas de actuación máis efectivas ante estes casos, co fin de reeducar ós menores e dotar de recursos ós pais, e así propiciar unha mellora e fortalecemento nas relacións entre pais e fillos/as e previr futuras condutas violentas.

Por tal motivo, tamén é fundamental adaptar as medidas xudiciais que recolle a Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores, ás necesidades destes menores e das súas familias. Dita lei supuxo a consolidación do recoñecemento do menor como suxeito de dereitos, e define o marco de actuación con estes menores aprobando unha conexión entre o xudicial e o educativo. É dicir, a intervención existente dende o ámbito xurídico ten unha natureza sancionadora – educativa, na que a finalidade da medida xudicial adoptada é a reinserción do menor, e nestes casos concretos tamén a mellora da relación cos seus pais, e que asuma a responsabilidade e as consecuencias dos seus comportamentos. Concretamente en España, as respostas que está a dar o sistema de xustiza, foron tomando pouco a pouco certa relevancia e, inclusive,

como alternativa á intervención xudicial, tamén se propoñen no noso país actividades de mediación – reparación a favor de medidas reeducativas.

Actualmente, na nosa sociedade a familia é o contexto de violencia máis destacado e, referente ás agresións dos fillos/as cara os seus pais, se considera que na maioría dos casos son condutas aprendidas neste contexto, no núcleo familiar. Polo tanto, os nenos que viviron nos seus fogares a presenza da violencia como forma de resolución dos conflitos, teñen máis posibilidades de exercela contra a súa familia. De feito, Sánchez et al. (2010, p. 225) establecen que:

a familia é o contexto de socialización primario na que o neno aprende e interioriza o que está ben ou mal, o correcto e incorrecto das súas accións, os valores e principios que deben guiar a súa conduta, e incluso a súa “sensibilidade”, a súa capacidade de empatizar cos demais, especialmente cos máis débiles, así como o respecto ás normas e o respecto “ó outro”.

Non obstante, a violencia filio – parental non é só un problema familiar, senón que tamén se trata dun problema social. A sociedade sofre unha falta de autoridade, pasamos dunha educación moi ríxida a unha permisividade total, é dicir, o neno ten todo dereitos e ningún deber. Tal e como apunta Urra (2006, p. 18) estamos ante “unha sociedade permisiva que educa ós nenos nos seus dereitos pero non nos seus deberes, onde calou de forma equívoca o lema «non poñer límites» e «deixar facer», abortando unha correcta maduración”.

Ante isto, tamén repercuten outros cambios sociais que deron lugar ós novos modelos e estruturas familiares (familias monoparentais, reconstituídas, de adopción,...), onde o mantemento da autoridade é máis difícil, e por tanto continua predominando dita educación permisiva que se caracteriza pola dificultade para establecer límites, ou pola ausencia deles, e porque pode contribuír a que se dea un cambio de papeis nas relacións de poder pais – fillos.

Por esta razón, debemos empezar a resolver este tipo de condutas e comportamentos nos nenos, axudándoos a crecer establecendo límites dende que son pequenos; formalos en valores; educalos nos seus deberes e dereitos; ensinalles que teñen que aprender a tolerar a frustración, a aceptar un “non” como resposta; aprender a asumir a súa responsabilidade dos feitos; a cumprir normas de convivencia e, en definitiva, ensinalles a vivir en sociedade.

Para finalizar, e tendo en conta todo o exposto ó longo deste informe, o presente traballo permitiunos establecer unha aproximación e comprensión do fenómeno da violencia

filio – parental. Aínda así, é preciso resaltar a importancia da necesidade de seguir investigando este tipo de violencia familiar, e así favorecer o desenvolvemento de servizos e recursos que atendan ás familias que sofren esta problemática, orientados á reforma da conduta delictiva dos menores, e fomentar unha maior concienciación social sobre este fenómeno que axudará a previr as condutas violentas e agresivas ás que se enfrontan nais e pais hoxe en día.

Referencias bibliográficas

- Aroca, C. (2013). La violencia de hijos adolescentes contra sus progenitores. *Revista sobre la Infancia y la Adolescencia*, 5, 12-30.
- Aroca, C., Bellver, M^a. C. y Alba, J. L. (2012). La teoría del aprendizaje social como modelo explicativo de la violencia filio – parental. *Revista Complutense de Educación*, 23(2), 487-511.
- Aroca, C, Cánovas, P. y Alba, J.L. (2012). Características de las familias que sufren violencia filio – parental: un estudio de revisión. *Educatio Siglo XXI*, 30(2), 231-254.
- Aroca, C., Lorenzo, M. y Miró, C. (2014). La violencia filio – parental: un análisis de sus claves. *Anales de Psicología*, 30(1), 157-170.
- Asociación Altea – España (2008). *Violencia intrafamiliar: Menores que agreden a sus padres*. Programa Daphne II. Recuperado de <http://www.altea-europa.org/documentos/PublicacionLibrodaphnell.pdf>
- Bandura, A. (1982). *Teoría del aprendizaje social*. Madrid: Espasa – Calpe.
- Cánovas, P. y Sahuquillo, P. (2010). Educación y diversidad familiar: aproximación al caso de la monoparentalidad. *Educatio Siglo XXI*, 28(1), 109-126.
- Chinchilla, M^a. J., Gascón, E., García, J. y Otero, M. (2005). *Un fenómeno emergente: Cuando el menor descendiente es el agresor*. Universidad de Zaragoza. Recuperado de http://www.unizar.es/sociologia_juridica/viointrafamiliar/magresor.pdf
- Cottrell, B. y Monk, P. (2004). Adolescent-to-parent abuse. A qualitative overview of common themes. *Journal of Family Issues*, 25(8), 1072-1095.
- Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia (2014). *Memoria 2014*. Recuperado de https://www.fiscal.es/fiscal/PA_WebApp_SGNTJ_NFIS/descarga/Memoria_FS_galicia_2014.pdf?idFile=6922a0a3-468c-42b7-b268-4e7604d80659

- Fiscalía General del Estado (2014). *Memoria 2014*. Recuperado de https://www.fiscal.es/memorias/memoria2014/FISCALIA_SITE/recursos/pdf/MEMFIS14.pdf
- Gámez – Guadix, M. y Calvete, E. (2012). Violencia filio-parental y su asociación con la exposición a la violencia marital y la agresión de padres a hijos. *Psicothema*, 24(2), 277-283.
- Garrido, E., Herrero, C. y Masip, J. (2001). *Teoría Cognitiva social de la conducta moral y de la delictiva*. Universidad de Salamanca. Recuperado de <http://www.uky.edu/~eushe2/Pajares/GarridoEtAl2005.pdf>
- Garrido, V. (2007). *Los hijos tiranos: El síndrome del emperador*. Barcelona: Ariel.
- Garrido, V. (2008). *El Síndrome del Emperador y sus desafíos en el ámbito científico y profesional*. Ponencia presentada en las Jornadas sobre Violencia Intrafamiliar, Valencia. Recuperado de <http://www.altea-europa.org/documentos/El-sindrome-Emperador-Vicente-Garrido.pdf>
- González Álvarez, M. (2012). *Violencia intrafamiliar: características descriptivas, factores de riesgo y propuesta de un plan de intervención*. (Tesis Doctoral). Facultad de Psicología, Madrid.
- González Cieza, L. (2008). *Programa de Intervención por Maltrato Familiar Ascendente*. Ponencia presentada en las Jornadas sobre Violencia Intrafamiliar, Valencia. Recuperado de <http://www.altea-europa.org/documentos/Programa-intervencion-maltrato.pdf>
- Ibabe, I. y Jaureguizar, J. (2011). ¿Hasta qué punto la violencia filio – parental es bidireccional?. *Anales de Psicología*, 27(2), 265-277.
- Ibabe, I. y Jaureguizar, J. (2011a). El perfil psicológico de los menores denunciados por violencia filio – parental. *Revista Española de Investigación Criminológica*, 9, 1-19.
- Ibabe, I., Jaureguizar, J. y Díaz, O. (2007). *Violencia filio – parental: conductas violentas de jóvenes hacia sus padres*. Vitoria – Gasteiz: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco. Recuperado de http://www.jusap.ejgv.euskadi.eus/r47-edukia/es/contenidos/informe_estudio/violencia_filio_parental/es_vifilpar/adjuntos/Violencia_Filio-Parental.pdf

Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal (BOE, núm. 281, de 24 de noviembre de 1995). Recuperado de <http://www.boe.es/boe/dias/1995/11/24/pdfs/A33987-34058.pdf>

Ley Orgánica 5/2000, de 12 de enero, reguladora de la Responsabilidad Penal de los Menores (BOE, núm. 11, de 13 de enero de 2000). Recuperado de <http://www.boe.es/buscar/pdf/2000/BOE-A-2000-641-consolidado.pdf>

Ley Orgánica 8/2006, de 4 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 5/2000, de 12 de enero, reguladora de la Responsabilidad Penal de los Menores (BOE, núm. 290, de 30 de diciembre de 2006). Recuperado de <http://www.boe.es/boe/dias/2006/12/05/pdfs/A42700-42712.pdf>

Patterson, G. R. (1982). *A social learning approach: Coercitive family process* (Vol.3). Eugene, Oregón: Castalia.

Patterson, G. R. (2002). Etiology and treatment of child and adolescent antisocial behavior. *The Behavior Analyst Today*, 3, 133-144.

Pereira, R. (2005). *Euskarri – Centro de Intervención en Violencia Filio – parental*. Recuperado de <http://www.euskarri.es/>

Pereira, R. (2006). Violencia filio – parental: un fenómeno emergente. Introducción. *Revista Mosaico*, 36, 1-3.

Pereira, R. y Bertino, L. (2009). Una comprensión ecológica de la violencia filio – parental. *Redes*, 21, 69-90.

Ridaura, M.J. (2012). *Centro de Menores “Cabanyal”*. Recuperado de <http://www.fundacionamigo.org>

Romero, F., Melero, A., Cánovas, C. y Antolín, M. (2005). *La violencia de los jóvenes en la familia: una aproximación a los menores denunciados por sus padres*. Barcelona: Centro de Estudios Jurídicos del Departamento de Justicia de la Generalitat de Cataluña.

Roperti, E. (2006). *Padres víctimas, hijos maltratadores*. Madrid: Espasa.

Sánchez, J., Ridaura, M.J. y Arias, C. (2010). *Manual de Intervención para Familias y Menores con Conductas de Maltrato, “Colonia San Vicente Ferrer”*. Valencia: Tirant lo blanch.

Torrente, G. y Ruíz, J.A. (2005). Procesos familiares relacionados con la conducta antisocial de adolescentes en familias intactas y desestructuradas. *Apuntes de Psicología*, 23(1), 41-52.

Ulman, A. y Straus, M. (2003). Violence by children against mothers in relation to violence between parents and corporal punishment by parents. *Journal of Comparative Family Studies*, 34, 41-60.

Urra, J. (2006). *El pequeño dictador*. Madrid: La esfera de los libros.

Urra, J. (2011). *Programa recURRA – GINSO*. Recuperado de <http://www.recurra.com/>